



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

Texto final acordado na sesión celebrada o día 16 de decembro de 2016

PRINCIPIOS DE ÉTICA XUDICIAL

PREÁMBULO

Estes «Principios de Ética Xudicial» aspiran a recoller os valores e regras de conduta compartidos pola xudicatura española. Pretenden servir de guía no desempeño da xurisdición e promover o diálogo colectivo e a reflexión persoal sobre os retos aos que se enfrontan os que a exercen, nun marco legal e social complexo e cambiante. Ademais, propóñense fortalecer a confianza da cidadanía na xustiza ao facer explícitos os modelos de comportamento consonte aos cales xuíces e xuízas se comprometen a cumprir as súas funcións.

A adopción dun texto de ética xudicial prodúcese nun contexto internacional favorable iniciado coa aprobación dos Principios de Bangalore (2001), no marco das Nacións Unidas, continuado co Ditame do Consello Consultivo dos Xuíces Europeos do Consello de Europa sobre a ética e a responsabilidade dos xuíces (2002), o Código Modelo Iberoamericano de ética xudicial (2006), adoptado polo Cumio Xudicial Iberoamericano, ao que se adheriu o Consello Xeral do Poder Xudicial por acordo do Pleno do 25 de febreiro de 2016, e a Declaración de Londres sobre a deontoloxía dos xuíces (2010), promovida pola Rede Europea de Consellos de Xustiza. Finalmente, a Recomendación R(2010)12, do 17 de novembro, do Comité de Ministros do Consello de Europa exhorta aos Estados membros a aprobar un Código de Ética Xudicial.

Nos últimos anos a gran maioría de países da Unión Europea subscribiron textos de ética xudicial (códigos, guías, compilación de principios) con distinta orixe (Consellos Superiores da Maxistratura, asociacións xudiciais, conferencias de xuíces, presidentes de tribunais, etc.).

Neste contexto, o Consello Xeral do Poder Xudicial puxo en marcha un proceso tendente á elaboración duns «Principios de Ética Xudicial» que foron redactados por unha comisión composta por representantes das asociacións xudiciais, membros non asociados da xudicatura e algúns expertos, coa valiosa participación de persoas delegadas de cada Tribunal Superior de Xustiza



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

designadas polas respectivas Salas de Goberno, sempre coa finalidade de que ficase reflectida a pluralidade de opinións existente na Carreira Xudicial.

Nada ten que ver o réxime disciplinario coa ética xudicial. Esta última só pode concibirse en termos de estrita vontade e ausencia de responsabilidade legal, ao contrario da disciplina, que é un conxunto de normas de obrigado cumprimento cuxa vulneración ten consecuencias xurídicas. A ética xudicial opera como estímulo positivo en canto dirixida á excelencia, mentres que a disciplina funciona baseándose no estímulo negativo, na sanción. Por iso, a efectividade destes «Principios de Ética Xudicial» dependerá do grado en que cada xuíz e xuíza os asuma como principios e os traduza en modelos de conduta.

Se a ética, en xeral, é unha proposta de vida boa e lograda, a ética xudicial é a promesa dunha xustiza boa en canto incorpora as calidades necesarias para acadar o fin que lle asigna a Constitución: a tutela dos dereitos da cidadanía.

O texto que agora se presenta abrangue principios xerais cos que a xudicatura está familiarizada: a independencia, que delimita un espazo para a decisión xudicial exento de influencias indebias; a imparcialidade, que resalta o papel do xuíz ou xuíza como terceiro alleo aos intereses en xogo; e a integridade, que esixe aos que exercen a xurisdición coherencia cos anteriores principios e co respecto á dignidade humana, mesmo na súa vida social, en todas aquelas circunstancias nas que poida estar en cuestión a confianza pública na xustiza.

Tamén se recollen neste modelos de comportamento relativos á xustiza como prestación dun servizo, tales como a cortesía, a dilixencia e a transparencia. O seu grado de cumprimento é percibido directamente polos que acoden aos tribunais, contribuindo así decisivamente á formación da opinión pública sobre a xustiza e, por iso mesmo, non poden descoidarse como «menores».

O sistema péchase cunha Comisión de Ética Xudicial cuxa composición, funcionamento e procedemento garanten a confidencialidade das consultas e o carácter meramente orientativo das opinións que emite. Debidamente anonimizados, os ditames e informes da Comisión irán constituíndo un corpo de doutrina de grande utilidade.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

PARTE I

Principios

CAPÍTULO I

Independencia

1. A independencia xudicial é un dereito de todo cidadán e cidadá cuxa protección e defensa forma parte inexcusable dos deberes profesionais do xuíz e da xuíza, e non un privilexio persoal do seu estatuto.
2. O xuíz e a xuíza deben situarse nunha disposición de ánimo que, á marxe das súas propias conviccións ideolóxicas e dos seus sentimentos persoais, exclúa das súas decisións calquera interferencia allea á súa valoración da totalidade da proba practicada, á actuación das partes no proceso, de acordo coas regras do procedemento, e ao seu entendemento das normas xurídicas que deba aplicar.
3. Os membros da Xudicatura deben asumir un compromiso activo no bo funcionamento do sistema xudicial, así como promover na sociedade unha actitude de respecto e confianza no Poder Xudicial e exercer a función xurisdiccional de xeito prudente, moderado e respectuoso cos demais poderes do Estado.
4. O xuíz e a xuíza teñen o deber de reclamar dos poderes públicos unhas condicións obxectivas de traballo adecuadas para o exercicio independente e eficaz das súas funcións e a conseguinte subministración de medios persoais e materiais.
5. O xuíz e a xuíza teñen o deber de demandar aquelas melloras legais que redunden en beneficio da independencia xudicial como garantía dos cidadáns.
6. O xuíz e a xuíza, sen prexuízo do seu deber legal de denuncia, deben resistir todo intento directo ou indirecto de terceiros alleos ao proceso que pretenda influír nas súas decisións, ora proveña dos demais poderes públicos, de grupos de presión ou da opinión pública, ora proceda da mesma Xudicatura, evitando ter en consideración, ao ditar as súas resolucións, calquera expectativa da súa aprobación ou o seu rexeitamento.
7. Os membros do Poder Xudicial que forman parte de tribunais superiores deben actuar no exercicio das súas funcións respectando a independencia e a dignidade xurisdiccional dos integrados en tribunais inferiores.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

8. O xuíz e a xuíza que, pola súa pertenza á Xudicatura, desempeñen cargos públicos; exercerán as súas competencias e tomarán as súas decisións con obxectividade e, cando así proceda, en todo caso en materia de selección, nomeamento e ascenso de membros da Carreira Xudicial, no pleno respecto dos principios de mérito e capacidade.

9. O xuíz e a xuíza deben comportarse e exercer os seus dereitos en toda actividade na que sexan recoñecibles como tales de forma que non comprometan ou prexudiquen a percepción que, nun Estado democrático e de Dereito, ten a sociedade sobre a independencia do Poder Xudicial.

CAPÍTULO II

Imparcialidade

10. A imparcialidade xudicial é o carácter alleo do xuíz e da xuíza respecto das partes, en relación coas que deben manter unha igual distancia; e respecto do obxecto do proceso, no que deben carecer de interese ningún.

11. A imparcialidade opera tamén internamente respecto do mesmo xulgador ou xulgadora aos que esixe que, antes de decidir un caso, identifiquen e traten de superar calquera prexuízo ou predisposición que poida poñer en perigo a rectitude da decisión.

12. O xuíz e a xuíza non poden manter vinculación ningunha coas partes nin amosar favoritismo ou trato preferente que poña en cuestión a súa obxectividade nin ao dirixir o proceso nin na toma de decisión.

13. Na toma de decisións, o xuíz e a xuíza deben evitar chegar a conclusións antes do momento procesalmente adecuado a este fin, que é o inmediatamente anterior a la resolución xudicial.

14. A imparcialidade impón unha especial vixilancia no cumprimento do principio de igualdade de oportunidades das partes e demais participantes no proceso.

15. O xuíz e a xuíza, na súa tarefa de dirección dos actos orais, deben velar pola creación dun clima adecuado para que cada unha das partes e os restantes participantes poidan expresar con liberdade e serenidade as súas respectivas versións sobre os feitos e as súas posicións sobre a aplicación do Dereito. Así mesmo, exercerán a escoita activa como garantía dun maior acerto na decisión.

16. A imparcialidade impón tamén o deber de evitar condutas que, dentro ou fóra do proceso, poidan poñela en interdito e prexudicar a confianza pública na xustiza.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

17. O xuíz e a xuíza deben velar polo mantemento da aparencia de imparcialidade en coherencia co carácter esencial que a imparcialidade material ten para o exercicio da xurisdición.
18. Todo membro da Carreira Xudicial debe evitar situacións de conflito de intereses e, no caso de que estas se produzan, debe poñelas de manifesto coa maior transparencia e coa maior brevidade, a través de calquera dos mecanismos legalmente previstos.
19. Na súa vida social e na súa relación cos medios de comunicación, o xuíz e a xuíza poden achegar as súas reflexións e opinións, pero á vez deben ser prudentes para que a súa aparencia de imparcialidade non se vexa afectada polas súas declaracións públicas, e deberán amosar, en todo caso, reserva respecto dos datos que poidan prexudicar as partes e o desenvolvemento do proceso.
20. Nas súas relacións cos medios de comunicación, o xuíz e a xuíza deben desempeñar unha valiosa función pedagóxica de explicación da lei e do xeito en que os dereitos fundamentais operan no seo do proceso.
21. Cando a democracia, o Estado de Dereito e as liberdades fundamentais se atopen en perigo, a obriga de reserva cede a prol do deber de denuncia.

CAPÍTULO III

Integridade

22. A integridade esixe que o xuíz e a xuíza observen unha conduta que reafirme a confianza dos cidadáns na Administración de Xustiza non só no exercicio da xurisdición, senón en todas aquelas facetas nas que sexa recoñecible como xuíz ou xuíza ou invoque a súa condición de tal.
23. O xuíz e a xuíza evitarán que tanto o exercicio de actividades profesionais alleas á súa función como a participación voluntaria en plans de reforzo ou substitución prexudiquen o mellor desempeño xurisdicional.
24. O xuíz e a xuíza, nas súas relacións persoais cos profesionais vinculados á Administración de Xustiza, deberán evitar o risco de proxectar unha aparencia de favoritismo.
25. O xuíz e a xuíza deberán comprometerse activamente no respecto da dignidade e igualdade de todas as persoas, sen discriminación por razóns de sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade física ou psíquica, relixión ou crenza, orientación sexual ou convicción política, ou calquera outra circunstancia social ou persoal.
26. O xuíz e a xuíza deben desempeñar a súa actividade xurisdicional con dedicación e estudar os asuntos que se lle encomenden con detalle e na súa propia singularidade.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

27. O xuíz e a xuíza adoptarán sempre a resolución que entendan procedente e evitarán que o seu convencemento sexa alterado por razóns de comodidade.
28. O xuíz e a xuíza non aceptarán agasallos, cortesías nin consideracións que excedan das lóxicas convencións sociais e, en ningún caso, cando poñan en risco a súa aparencia de imparcialidade.
29. O xuíz e a xuíza deben ser conscientes de que a dignidade da función xurisdiccional esixe un comportamento conforme a esta.
30. O xuíz e a xuíza non empregarán nin prestarán o prestixio das funcións xurisdiccionais para favorecer os seus intereses persoais, os dun membro da súa familia ou os de calquera outra persoa.
31. O xuíz e a xuíza, como cidadáns, teñen dereito á liberdade de expresión que exercerán con prudencia e moderación co fin de preservar a súa independencia e aparencia de imparcialidade, e manter a confianza social no sistema xudicial e nos órganos xurisdiccionais.

CAPÍTULO IV

Cortesía, dilixencia, transparencia

32. O xuíz e a xuíza deben dispensar en todo momento un trato respectuoso a todas as persoas que interveñen no proceso, amosando a consideración debida ás súas circunstancias psicolóxicas, sociais e culturais. Así mesmo, deben amosar unha actitude tolerante e respectuosa cara ás críticas dirixidas ás súas decisións.
33. O xuíz e a xuíza deben procurar que o proceso se desenvolva o antes posible e se resolva nun prazo razoable, velando por que os actos procesais se celebren coa máxima puntualidade.
34. O xuíz e a xuíza teñen o dereito e a obriga de formarse, actualizarse e esixir os medios formativos adecuados para poder desempeñar as súas funcións en niveis óptimos de profesionalidade.
35. O xuíz e a xuíza deben asumir unha actitude positiva cara á transparencia como xeito de funcionamento normal da Administración de Xustiza, para o cal poderán contar coas instancias de comunicación institucionais ao seu dispor.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

PARTE II

A Comisión de Ética Xudicial

Artigo 1

Funcións

1. Son funcións da Comisión:

a) Emitir ditame por escrito sobre as consultas relativas a casos concretos que lle fagan as Salas de Goberno dos Tribunais, as Xuntas de Xuíces, as Asociacións Xudiciais ou calquera xuíz ou xuíza en servizo activo.

Os ditames reflectirán a postura dos membros da Comisión en relación co asunto ou coa cuestión obxecto da consulta.

b) Promover a difusión e o coñecemento dos principios e propostas de ética xudicial recollidos neste texto e noutros de natureza análoga ou semellante.

c) Contribuír ao desenvolvemento das funcións atribuídas ao Consello Xeral do Poder Xudicial na coordinación e na colaboración con outras comisións xudiciais de ética, en particular coa Comisión Iberoamericana de Ética Xudicial.

d) Excepcionalmente, elaborar informes sobre asuntos ou cuestións que resulten de interese xeral e estean relacionados co comportamento ético que consonte aos principios recollidos neste texto se agarda dos xuíces e xuízas, a instancia das Salas de Goberno dos Tribunais, as Xuntas de Xuíces ou as Asociacións Xudiciais.

2. A actuación da Comisión non pode interferir no exercicio da potestade disciplinaria nin inmiscirse na determinación da responsabilidade civil ou penal dos xuíces e xuízas. Tampouco a actividade da Comisión servirá de referencia ou complemento nas actuacións tendentes a dirimir responsabilidades civís, penais ou disciplinarias, a non ser que redunde en beneficio do interesado.

Artigo 2



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

Composición

1. A Comisión estará integrada por sete membros aos que, para o cumprimento da súa función, se garantirá a plena independencia.
2. Seis dos membros serán integrantes da Carreira Xudicial en situación de servizo activo. Un deles terá a categoría de Xuíz, tres a de Maxistrado e dous a de Maxistrado do Tribunal Supremo.
3. O membro restante será unha persoa de recoñecido prestixio e acreditada traxectoria no mundo académico da Ética, a Filosofía do Dereito ou a Filosofía Moral.

Artigo 3

Elección

1. Os membros xudiciais serán elixidos por todos os integrantes da Carreira que se atopen en situación de servizo activo.
2. A elección levarase a cabo mediante voto persoal, igual, directo e secreto, e deberá convocarse con tres meses de antelación ao remate do mandato da Comisión.
3. A circunscrición electoral será única para todo o territorio nacional.
4. As candidaturas deben ser individuais e presentarse dentro do mes seguinte á convocatoria. Resultarán elixidos os que obteñan maior número de votos, respectando a necesaria representación de todas as categorías xudiciais, de conformidade co previsto no artigo 2. Se non se presentasen candidatos suficientes dalgunha das categorías xudiciais, a vacante que quede será cuberta polo candidato ou candidata que acadase máis votos con independencia da súa categoría.
5. O procedemento electoral será organizado por vía electrónica polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
6. Os que resulten elixidos como integrantes da Comisión designarán o membro non xudicial.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

Artigo 4

Mandato

1. Os membros da Comisión serán designados por unha soa vez e por un período de catro anos.
2. Os membros xudiciais da Comisión renovaranse por metade cada dous anos.
3. O exercicio das funcións dos membros da Comisión será honorífico sen máis compensación económica que o reembolso dos gastos ocasionados.

Artigo 5

Funcionamento

1. A presidencia da Comisión corresponderá ao membro elixido por maioría e a secretaría ao membro xudicial máis moderno.
2. A constitución válida da Comisión requirirá, como mínimo, a presenza de cinco dos seus membros. Non obstante, cumprirá a presenza de todos eles cando así o acorden considerando a entidade do asunto o cuestión que debe ser obxecto de exame ou tratamento.
3. Os informes da Comisión adoptaranse conforme á regra da maioría.

O Presidente sempre terá voto de calidade en caso de empate.

4. Os ditames deberán emitirse dentro dos dous meses seguintes á realización da consulta.

Os informes deberán aprobarse dentro dos tres meses seguintes á data na que se tivese acordado a súa formulación e a súa elaboración, respectivamente.

5. A primeira Comisión que se forme será a encargada de redactar, de acordo con establecido neste texto, as súas regras de organización e funcionamento, que adoptará por maioría.

A Comisión realizará as modificacións das regras que considere oportunas por maioría.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

6. O Consello Xeral do Poder Xudicial deberá dotar a Comisión dos medios materiais e humanos que precise para a súa adecuada organización e o seu eficaz funcionamento.

Artigo 6

Efectos

1. Os actos da Comisión carecen de forza xurídica obrigatoria e de efectos vinculantes.
2. Non poderán ser obxecto de consulta cuestións ou asuntos sometidos a investigación, xuízo ou expediente disciplinario.

Artigo 7

Publicidade

1. A Comisión elaborará un informe anual sobre as actividades desenvolvidas.
2. Os actos da Comisión faranse públicos e o Consello Xeral do Poder Xudicial daralles a máxima difusión garantindo, en todo caso, a previa disociación das referencias de carácter persoal que puidesen conter e con pleno respecto do dereito á honra, á intimidade e á protección de datos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A convocatoria da primeira elección da Comisión de Ética Xudicial será realizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial nun prazo de tres meses desde a asunción do presente texto.

A presidencia da primeira reunión da Comisión de Ética Xudicial corresponderá ao Xuíz ou Maxistrado con máis antigüidade na Carreira Xudicial e a secretaría ao máis moderno.

A primeira renovación da Comisión terá lugar aos dous anos da súa constitución, substituíndose o Xuíz, un Maxistrado e un Maxistrado do Tribunal Supremo. Na primeira reunión decidirase por sorteo cales serán as persoas substituídas.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Grupo de Traballo para a elaboración dun
Código Ético para a Carreira Xudicial

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes «Principios de Ética Xudicial» non poderán empregarse en ningún caso, nin directa nin indirectamente, con finalidade disciplinaria, a non ser que redunde en beneficio do suxeito ao procedemento.